

### 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Queridas familias:

Para esta semana, proponho deixar tempo para **rematar** aquelas **tarefas** que aos nenos e nenas non lles dera tempo de facer ao longo da semana pasada, pois son ben consciente de que algunhas actividades poden resultar máis complicadas.

Por outra banda, como ata o de agora non propuxen actividades de expresión plástica concretas, gustaríame que todos os alumnos de 3º participasen no **reto de fotografía** que xa está colgado desde hai uns días xunto co resto dos PDFs.

Ademais, as titoras de 3º e 4º, co fin de pasar ratos divertidos xuntos, colgamos no blog unha proposta de **probos semanais** que animamos a que fagan todos os vosos fillos e fillas:  
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgandarasofan/node/1539>

Tamén quería lembraros unha vez máis que no **Symbaloo** vou subindo **novidades**, por se algún alumno ou alumna remata as tarefas e quere facer xogos de repaso ou curiosar polas distintas ligazóns:  
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgandarasofan/node/1494>

Finalmente, aínda que xa sei que formamos un grupo moi numeroso, quería probar a manter unha **videoconferencia** entre todos os que dispoñades de conexión a internet e de ordenador. Esta primeira toma de contacto sería principalmente para vernos uns aos outros e comentar como están levando os nenos esta situación. Para iso precisaría que me enviarades o voso enderezo electrónico, pero a partir de agora vai ser preferible que me escribades ao meu correo do traballo:  
**marina.garcia.san.leon@edu.xunta.es**

Nese correo que me escribades, gustaríame que me comentarades se é posible que os vosos fillos participen nunha **videoconferencia este venres, día 24 de abril, pola tarde**, así vou tendo unha idea das posibilidades de cada un. Despois xa vos explicarei como facelo.

Moitas grazas, familias!

Mariña García San León

Titora de 3º de Educación Primaria